



# MEMORIA FINAL

CEIP PLURILINGÜE

Rosalía de Castro -  
Carril

CURSO:  
2023-24

XUÑO 24

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/06/2024  
DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 27/06/2024

## TÁBOA DE CONTIDO

1. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS FORMULADOS POLO EQUIPO DIRECTIVO PARA O CURSO.....	4
2. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR.....	6
A. CLAUSTRO.....	6
B. CONSELLO ESCOLAR.....	7
3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: CCP.....	8
A. Nº REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS.....	8
B. REVISIÓN DOS DISTINTOS APARTADOS DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO E PROPOSTAS DE MELLORA E MODIFICACIÓNS PARA O CURSO SEGUINTE.....	9
4. VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.....	10
5. VALORACIÓNS DOS PLANS OU PROXECTOS NOS QUE PARTICIPE O CENTRO.....	11
6. VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	13
A. diagnóstico da CONVIVENCIA DO CENTRO.....	13
B. valoración dos obxectivos plantexados no plan de convivencia.....	14
C. VALORACIÓN DAS Actuacións ou programas previstas no plan que favoreceron a convivencia incluíndo medidas preventivas e de sensibilización.....	20
D. valoración do programa de habilidades sociais desenvolvido polo departamento de orientación.....	22
E. valoración da aula de convivencia inclusiva.....	22
F. valoración da mediación escolar.....	22
G. valoración da escola de nais e pais.....	22
H. valoración dos Mecanismos de colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	22
I. valoración das Accións recollidas no Plan de convivencia para desenvolver o principio de igualdade entre mulleres e homes.....	23
J. aspectos salientables do informe anual realizado pola comisión de convivencia do centro.....	23
L. propostas de mellora para o curso seguinte.....	23
7. VALORACIÓN DO PLAN DE ABSENTISMO.....	23
8. VALORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.....	23
9. SEGUIMENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA.....	25
10. MEMORIA DO PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	25
10.1. AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	25
A. VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS.....	25
10.2. EXENCIÓNS DE GALEGO.....	26
11. VALORACIÓN DO PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS ESTILO DE VIDA SAUDABLE.....	26

12. VALORACIÓN DAS INSTALACIÓNS, RECURSOS E MATERIAIS DO CENTRO.....	28
A. VALORACIÓN DO PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	29
B. valoración dos RECURSOS E MATERIAIS.....	29
13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/PLAN EMERXENCIAS.....	29
A. VALORACIÓNS DOS SIMULACROS REALIZADOS.....	29
B. conclusións e PROPOSTAS DE MELLORA.....	30
14. VALORACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	31
14.1. COMEDOR.....	31
14.2. TRANSPORTE ESCOLAR.....	31
14.3. OUTROS SERVIZOS.....	32
A. PLAN MADRUGA.....	32
15. VALORACIÓN DO PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.....	32
16. VALORACIÓN DA XESTIÓN ECONÓMICA.....	32
A. Nº REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS NA COMISIÓN ECONÓMICA.....	32
B. INFORME ECONÓMICO A 30 DE XUÑO DO CURSO.....	32
C. Valoración dos criterios para a elaboración do orzamento.....	33
A Prioridade son os gastos xerais do funcionamento do centro. Despois distribúese un presuposto por ciclo e por especialidade.....	33
D. Valoración do grao de coherencia entre o gasto executado e os obxectivos previstos na pxa	33
ANEXOS.....	34

## 1. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS FORMULADOS POLO EQUIPO DIRECTIVO PARA O CURSO

Obxectivo 1: Mellora, dinamización e mantemento das instalacións do centro						
<b>Acción 1</b>	Continuación da solicitude de cambio de ventás e baños no resto do centro educativo.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input checked="" type="checkbox"/> Non conseguido
<b>Indicador</b>	O deterioro das instalacións é significativo, pero especialmente as fiestras e os cuartos de baño. Poder facer do noso colexio un espazo que contribúa á eficiencia enerxética que tanta falta lle fai ao noso planeta.					
<b>Responsables</b>	Xefatura territorial de Pontevedra					
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos económicos aportados pola Xefatura Territorial.					
<b>Resultados</b>	Apesares de ter a dirección do centro unha reunión presencial co responsable da unidade técnica de Pontevedra no mes de maio, de enviar diferentes escritos, etc. non houbo melloras respecto a este tema. Por sorte, si que contamos coa colaboración do Concello para o correcto <b>mantemento</b> das nosas antigas instalacións (arranxaron persianas, billas, viñeron recolocar e quitar baldosas caídas nos corredores...).					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir insistindo dende a Dirección do colexio á autoridade competente. Solicitar unha partida económica específica para poder ir arranxando e cambiando o necesario. Seguir contando co persoal non docente e dos operarios dependentes do Concello ao longo deste verán para ir facendo pequenos arranxos e aproveitar moito mellor os nosos espazos e recursos.					
<b>Acción 2</b>	Reacondicionamento e dinamización da casa da ANPA que está dentro do patio do colexio.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Conseguido	<input checked="" type="checkbox"/> Parcialmente	<input checked="" type="checkbox"/> Non conseguido
<b>Indicador</b>	Que o alumnado poda facer uso dela.					
<b>Responsables</b>	O Concello de Vilagarcía					
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos económicos e persoais.					
<b>Resultados</b>	Na actualidade o alumnado de infantil é o único que fai uso dela para ir ao baño durante os recreos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir insistindo no cambio de ventás. Solicitar aos operarios do Concello que veñan en vacacións de verán para acondicionar este espazo. Solicitalle á empresa de limpeza que lle de unha limpeza profunda e poder empregala dunha maneira máis dinámica o curso que ven.					
<b>Acción 3</b>	Dinamización/mellora do patio escolar					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Conseguido	<input checked="" type="checkbox"/> Parcialmente	<input checked="" type="checkbox"/> Non conseguido
<b>Indicador</b>	Que o noso alumnado poda contar cun espazo de lecer que favoreza a súa creatividade, a súa propia aprendizaxe, exploración, socialización. Convertelo nun espazo moito máis inclusivo e que deixe de estar dominado polos deportes de balóns que tantos conflitos provocan.					
<b>Responsables</b>	Xefatura territorial, Concello de Vilagarcía					
<b>Recursos e materiais</b>	Achegas do Concello, de Xefatura Territorial, dos propios mestres/as, etc.					
<b>Resultados</b>	Os operarios do Concello viñeron no primeiro trimestre e arrancaron os xogos vellos e oxidados do parque de Ed. Infantil. Grazas a isto, o noso alumnado máis pequeno puido volver a empregar esa zona delimitada por vallas ao carón dos de Ed. Primaria, pois levaban moitos anos tendo que ir ao					

	<p>pavillón que se atopa fóra das instalacións. Foi unha medida positiva máis aínda queda pendente a súa ampliación e cambiar esas pedras que ten no chan (xa que non é area, senón pedras) e empregar outro material no seu lugar (cortiza, area en condicións...)</p> <p>Ademais, contamos coa enorme axuda do persoal non docente do centro, dependente do Concello, que tivo un importante papel na creación e mellora de pequenos recunchos que permitiron aos nenos poder pasalo moito mellor no seu tempo de lecer (xa poden baixar xogos de mesa e xogar a eles grazas ás novas mesas ou estar sentados en pneumáticos ou/e en bancos, por exemplo).</p>
<b>Propostas de mellora</b>	<p>Contar coa implicación do profesorado para elaborar un proxecto dende o inicio de curso (e se é posible, implicar ás familias) para poder crear diferentes zonas, poder dinamizar o noso patio e facelo máis <b>inclusivo, especialmente debido ao elevado número de alumnado con necesidades educativas especiais</b> que temos no noso centro.</p> <p>Participar en máis proxectos dende o centro, a maiores dos que xa tiñamos, que nos proporcionen máis cartos (Contratos programa: EduSostibilidade, Edulgualdade e Plans Proxecta+)</p>

Obxectivo 2: Actualización da documentación do Centro						
<b>Acción 1</b>	<b>Proxecto Lingüístico</b>					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseguido
<b>Recursos e materiais</b>	Xefes do departamento de linguas, a coordinadora de EDLG e o Equipo Directivo.					
<b>Resultados</b>	<p>Actualizouse esta documentación e adaptouse á realidade actual.</p> <p>Participamos a nivel centro, despois de moitos anos, no Concurso realizado polo Concello sobre Os Maios. Gustou moito a actividade entre o profesorado, alumnado e familias.</p> <p>Realizáronse actividades novas moi positivas nas que se fomentou o uso do galego entre o alumnado.</p> <p>A maiores do planificado a inicio do curso, tamén actualizouse o Plan de Convivencia no mes de xuño.</p>					
<b>Propostas de mellora</b>	<p>Realizar máis actividades, a maiores das que se levan facendo ata agora, que impliquen ás familias.</p> <p>Seguir actualizando ou creando máis documentación, como por exemplo o Plan de Hábitos de Vida e Estilos Saudables para converter a nosa escola nun centro que promova realmente unha vida saudable (Plans Proxecta+, entre outros).</p>					

Obxectivo 3: Atención á diversidade.						
<b>Acción 1</b>	<b>Apoio ao alumnado con necesidades educativas.</b>					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Conseguido	<input checked="" type="checkbox"/> Parcialmente	<input type="checkbox"/> Non conseguido
<b>Recursos e materiais</b>	Xefa do Departamento de Orientación e demais Equipo.					
<b>Resultados</b>	<p>Contouse cunha docente a maiores por teren participado no Programa PROA+ a cal permitiu aos titores poder atender mellor ás necesidades das aulas dende 4º ata 6º de Primaria.</p> <p>Contamos coa labor de dúas coidadoras (unha delas substituta) e grazas á súa axuda e o seu traballo puidéronse apreciar grandes avances no alumnado.</p> <p>O profesorado realizou un curso especializado en Autismo, debido á alta presenza de alumnado con esta característica no centro. Os resultados foron moi positivos. Mercouse o libro de Marlène Horna (a principal relatora) para que permaneza a modo consulta na sala de mestres para quen lle interese.</p> <p>Ademais, cambiouse o ruidoso timbre (que tanto asustaba ao noso alumnado TEA) por unha megafonía musical e reducíronse así os momentos de tanto estrés para eles/as.</p>					
<b>Propostas de mellora</b>	<p>Seguir formando ao claustro e conseguir unha <b>maior implicación das familias</b> para facer do noso patio un lugar <b>moito máis inclusivo</b>, adaptado ás necesidades do noso alumnado.</p> <p>Seguir reducindo momentos de moito ruído, debido á malísima acústica das nosas instalacións (coma o comedor), e axudar aos máis pequenos a xestionar este estrés que lles provoca tanto estímulo.</p> <p>Promover unha maior visibilidade e implicación das familias a través do Departamento de Orientación.</p> <p>Trasladar o Despacho da Xefa do Departamento de Orientación no corredor de Administración e do</p>					

Equipo Directivo. Afortunadamente, dende este ano contamos cunha nova mestra de PT definitiva, a maiores da que xa tiñamos (pois esta única praza era provisional). Por este motivo, preténdese unificar estas dúas aulas aproveitando que temos a división feita a través dunha parede.

## 2. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

### A. CLAUSTRO

REUNIÓN Nº: 243	Data: 1/9/2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 244	Data: 6/9/2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 245	Data: 26/9/2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 246	Data: 17/10/2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 247	Data: 16/01/2024	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 248	Data: 23/01/2024	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 249	Data: 2/4/2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 250	Data: 27/06/2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
<b>Temas tratados:</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inicio de curso</li> <li>• Aprobación da PXA</li> <li>• Aprobación dos diferentes Plans e Proxectos</li> <li>• Proposta de día non lectivo</li> <li>• Información sobre as vivendas para o profesorado dispoñibles</li> <li>• Aprobación do Proxecto Lingüístico, do Plan de Convivencia e do Plan de Atención á Diversidade</li> <li>• Aprobación da Memoria Final</li> <li>• Informes varios de dirección (entre outros)</li> </ul>			

Valoración do funcionamento do Claustro	1	2	3	4	5
Asistencia e participación do profesorado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Conclusións e acordos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Análise de resultados académicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Cumprimento dos acordos tomados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Insuficiente, 2 Regular, 3 Normal, 4 Bo, 5 Moi bo					

	MALA	ACEPTABLE	BOA
Existe unha programación específica para o desenvolvemento das funcións	0%	19%	81%
Nivel de cumprimento dos obxectivos previstos	4'8%	14%	81%
Utilidade e relevancia dos contidos traballados	0%	14'3%	85'7%
Nivel de cumprimento dos acordos	0%	14'3%	85'7%
Eficacia da coordinación das reunións	0%	14'3%	85'7%
Asistencia e participacións dos membros	0%	14'3%	85'7%
Envío de convocatorias	0%	14'3%	85'7%
Envío de actas	0%	9'5%	90'5%
Fidelidade das actas	0%	9'5%	90'5%
Calendario das reunións	0%	14'3%	85'7%
Clima de traballo	0%	23'8%	76'2%

## B. CONSELLO ESCOLAR

REUNIÓN Nº: 212	Data: 6/9/2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 213	Data: 26/9/2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 214	Data: 17/10/2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 214	Data: 16/01/2024	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 214	Data: 23/01/2024	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 214	Data: 2/4/2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 214	Data: 27/06/2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>

### Temas tratados:

- Inicio de curso
- Aprobación da PXA
- Aprobación dos diferentes Plans e Proxectos
- Proposta de día non lectivo
- Aprobación do Proxecto Lingüístico, do Plan de Convivencia e do Plan de Atención á Diversidade
- Aprobación da Memoria Final (entre outros temas)

Valoración do funcionamento do Consello escolar	1	2	3	4	5
Asistencia e participación do profesorado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Asistencia e participación do PAS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Asistencia e participación dos pais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Asistencia e participación do alumnado	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adopción de acordos tomados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Análise de resultados académicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Insuficiente, 2 Regular, 3 Normal, 4 Bo, 5 Moi bo					

	MALA	ACEPTABLE	BOA
Existe unha programación específica para o desenvolvemento das funcións	0%	19%	81%
Nivel de cumprimento dos obxectivos previstos	4'8%	14%	81%
Utilidade e relevancia dos contidos traballados	0%	14'3%	85'7%
Nivel de cumprimento dos acordos	0%	14'3%	85'7%
Eficacia da coordinación das reunións	0%	14'3%	85'7%
Asistencia e participacións dos membros	0%	14'3%	85'7%
Envío de convocatorias	0%	14'3%	85'7%
Envío de actas	0%	9'5%	90'5%
Fidelidade das actas	0%	9'5%	90'5%
Calendario das reunións	0%	14'3%	85'7%
Clima de traballo	0%	23'8%	76'2%



### 3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: CCP

#### A. Nº REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS

REUNIÓN Nº: 1	Data: 5/09/23	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 2	Data: 11/10/23	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 3	Data: 10/11/23	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 4	Data: 9/01/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 5	Data: 6/02/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 6	Data: 5/03/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 7	Data: 16/04/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 8	Data: 14/05/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 9	Data: 25/06/24	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>

#### Temas tratados:

Constitución da CCP, datas avaliacións, valoración resultados, planificación das actividades do centro, Plan Director, Plan de Convivencia, PFPP, Becas NEAE, Valoración do Plan de Autoprotección, Programas de Éxito Educativo: Proa+, Contratos Programa, libros de texto e posibles cambios, memoria final, etc

Valoración do funcionamento da CCP	1	2	3	4	5
Participación do profesorado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Adopción de acordos tomados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Análise de resultados académicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Insuficiente, 2 Regular, 3 Normal, 4 Bo, 5 Moi bo					

	MALA	ACEPTABLE	BOA
Existe unha programación específica para o desenvolvemento das funcións	0%	15'4%	84'6%
Nivel de cumprimento dos obxectivos previstos	0%	15'4%	84'6%
Utilidade e relevancia dos contidos traballados	0%	0%	15'4%
Nivel de cumprimento dos acordos	0%	23'1%	79'9%
Eficacia da coordinación das reunións	15'4%	15'4%	69'2%
Asistencia e participacións dos membros	0%	15'4%	84'6%
Envío de convocatorias	0%	7'7%	92'3%
Envío de actas	0%	7'7%	92'3%
Fidelidade das actas	0%	7'7%	92'3%
Calendario das reunións	0%	7'7%	92'3%
Clima de traballo	0%	15'4%	84'6%

## B. REVISIÓN DOS DISTINTOS APARTADOS DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO E PROPOSTAS DE MELLORA E MODIFICACIÓNS PARA O CURSO SEGUINTE

Non se contemplan

### 4. VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Actividade formativa: POLOS CREATIVOS								
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input checked="" type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Relatorio	<input type="checkbox"/> Taller		
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>				
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input checked="" type="checkbox"/> 5
<b>Responsables</b>	David Vázquez Vilas							
<b>Participantes</b>	18 profesores							
<b>Resultados</b>	Os resultados foron positivos e o cole xa puxo en marcha un videopodcast e podcast.							
<b>Propostas de mellora</b>	Que a consellería envíe o material de POLOS para innovar nunha educación dixital responsable e de calidade dentro da consecución dos obxectivos STEM.							

Actividade formativa: O CRECEMENTO SOCIOEMOCIONAL CO PROGRAMA EDUCACIÓN RESPONSABLE								
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Relatorio	<input type="checkbox"/> Taller		
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>				
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input checked="" type="checkbox"/> 5
<b>Responsables</b>	Iria Castro Hierro							
<b>Participantes</b>	9 profesores							
<b>Resultados</b>	Leváronse a cabo os obxectivos previstos e a implicación do profesorado foi positiva.							
<b>Propostas de mellora</b>	Continuar traballando e innovando nesta liña de educación responsable.							

Actividade formativa: O DESENVOLVEMENTO SOCIAL								
<b>Tipo</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Relatorio	<input type="checkbox"/> Taller		
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>				
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input checked="" type="checkbox"/> 5
<b>Responsables</b>	Esther Torrado Cuervo							
<b>Participantes</b>	12 profesores							
<b>Resultados</b>	O curso resultou positivo e proveitoso para o día a día na aula.							
<b>Propostas de mellora</b>	Participar en máis cursos no vindeiro curso.							

Actividade formativa: AUTISMO								
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input checked="" type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Relatorio	<input type="checkbox"/> Taller		
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>				
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input checked="" type="checkbox"/> 5
<b>Responsables</b>	Inés Seone Rodríguez							
<b>Participantes</b>	16 profesores							

<b>Resultados</b>	Lográronse os obxectivos previstos e o impacto na aula cos alumnos TEA foi positivo.
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir afondando nesta temática para ter unha formación sempre actualizada.

## 5. VALORACIÓNS DOS PLANS OU PROXECTOS NOS QUE PARTICIPE O CENTRO

<b>Programa/Plan</b>	<b>CP INCLÚE</b>
<b>Valoración</b>	MODALIDADE INCLÚE-T Establecéronse accións encamiñadas a traballar a inclusión e a equidade fomentando tamén a atención á diversidade e o respecto ás diferencias individuais. MODALIDADE QUEDA-T Fomentouse a participación de todo o alumnado nas actividades e a vida do centro procurando crear un clima acoledor que reduza o risco de abandono escolar temperá aumentando as súas posibilidades de éxito escolar.
<b>Resultados</b>	Satisfactorios
<b>Propostas de mellora</b>	Continuar avanzando en estratexias que fomenten e melloren a inclusión e preveñan o absentismo.

<b>Programa/Plan</b>	<b>CP INNOVA</b>
<b>Valoración</b>	MODALIDADE EDU-SAÚDE Establecéronse accións encamiñadas a traballar a importancia de coida a nosa saúde en diferentes niveis: saúde bucodental, emocional, merendas saudables, actividade física regular...
<b>Resultados</b>	Satisfactorios. Apareciouse nas merendas saudables que traían (moito mellores que con anterioridade na maioría dos casos) e unha actitude positiva cara o deporte.
<b>Propostas de mellora</b>	Continuar avanzando en estratexias que fomenten e melloren este estilo de vida en canto a merendas e preveña o sedentarismo.

<b>Programa/Plan</b>	<b>PLAN DIXITAL</b>
<b>Valoración</b>	Positiva. Despois do ano pasado este ano elevouse a porcentaxe de participación por parte do profesorado e aulas na consecución dos obxectivos de dito plan. Esta consecución pode verse no plan dixital na páxina web do cole.
<b>Resultados</b>	<b>Satisfactorios</b>
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir co plan dixital e ampliando o mesmo co material que vaia chegando e integrar así os obxectivos STEM dentro do proceso ensino-aprendizaxe.

<b>Programa/Plan</b>	<b>EDIXGAL</b>
<b>Valoración</b>	A plataforma EDIXGAL é unha ferramenta moi versátil pero tamén pode ser un problema ás veces para o día a día na aula, de todas formas os problemas que foron xurdindo pois se foron solucionando sexa co servizo edixgal premium ou

	mediante o equipo TIC.
<b>Resultados</b>	<b>Satisfactorios</b>
<b>Propostas de mellora</b>	Busca de novas editoriais cun maior abano de libros dixitais. Máis recursos de todo tipo ao alcance do alumnado. Mellorar o material do que están feitos as fundas de ordenador do alumnado, xa que se descosen ou rompen facilmente. Mellora na velocidade de carga da plataforma. Máis espazo para incluír novos recursos. Para as materias CLIL non hai libros en inglés que se adapten aos contidos dos centros plurilingües. Algúns recursos das editoriais están desfasado.

<b>Programa/Plan</b>	<b>PROA+</b>
<b>Valoración</b>	A valoración do programa é moi positiva, xa que permite un apoio maior nas aulas, chegando a individualizar máis a atención do alumnado. Todos os titores que se benefician deste apoio coinciden en que toda axuda é ben recibida e que a aportación de ideas sempre se agradece.
<b>Resultados</b>	Nótase unha mellora significativa na totalidade dos alumnos/as, pasando de curso a gran maioría. No caso dos que repiten curso, véñse melloras con respecto á base da que partían.
<b>Propostas de mellora</b>	A ampliación da xornada do PROA+ permitiría ofrecer un maior apoio aos titores nas aulas ordinarias. Outra proposta de mellora sería a creación dun pequeno recuncho onde colocar este profesional o material, no caso de que cree ou leve material personal que axuden a esta intervención. A terceira proposta de mellora sería a mellora na coordinación do Departamento de Orientación ó que axudaría a inclusión desde mestre/a na reunión de dito departamento.

<b>Programa/Plan</b>	<b>CENTRO PLURILINGÜE</b>
<b>Valoración</b>	A valoración é moi positiva. Nótase un melloramento nas habilidades comunicativas; son máis fluídas tanto no aspecto escrito como oral pese a que este curso non se contou coa persoa auxiliar de conversa. Outro aspecto que tampouco se puido traballar foi a cultura dos EEUU, país do que proviña a auxiliar que renunciou ao programa en novembro.
<b>Resultados</b>	Debido a continuidade deste proxecto así como a inclusión, neste curso, da materia de Plástica no terceiro ciclo, o alumnado incrementou as súas habilidades lingüísticas en todos os niveis polo cal é moi positivo de cara a conseguir un alumnado bilingüe. O alumnado desenvolveu os seus propios medios utilizando recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos para comprender e facerse comprender noutra lingua.
<b>Propostas de mellora</b>	Promover o uso da LE non só cos mestres implicados neste proxecto se non que a utilicen en toda a Comunidade Educativa e na súa vida cotiá. No caso de que se produza a renuncia da persoa auxiliar ter a posibilidade de contar con outra para que o alumnado non perda este recurso tan enriquecedor.

<b>Programa/Plan</b>	Voz Natura
<b>Valoración</b>	Este curso escolar levamos a cabo o proxecto “Encarrilados na nosa flora e fauna”. A valoración do mesmo é positiva.
<b>Resultados</b>	<p>Fixemos gran variedade de actividades. Algunhas delas lévanse a cabo cada curso escolar como por exemplo: o mantemento do acuario, o uso do punto de reciclaxe, a plantación no horto escolar, a recollida de lixo no patio...</p> <p>A maiores destas, cada curso escolar iniciámonos noutras actividades. Este ano centrámonos en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a flora e a fauna que nos rodea</li> <li>- Empregar material de refugallo para elaborar casiñas para paxaros, instrumentos musicais, decoración de Nadal, etc.</li> <li>- Celebrar os Maíos en coordinación co EDLG</li> <li>- Participar nos #EcoRetos promovidos por Voz Natura</li> <li>- Coidar, coñecer e valorar o medio que nos rodea visitando a Illa de Cortegada, saíndo á praia para facer limpeza de lixo, etc.</li> </ul> <p>Todo o traballo realizado tivo bos resultados.</p>
<b>Propostas de mellora</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A meirande parte das actividades promovidas polo equipo de Voz Natura dependen das condicións meteorolóxicas, polo tanto, cremos importante reorganizar as propostas para aproveitar máis os meses de primavera e incluso setembro e outubro.</li> <li>Nos meses de choiva aproveitaremos a facer aquelas actividades que non dependan do bo tempo.</li> <li>- Debido ao anteriormente comentado, habería melloras substanciais en canto á diversidade de froitas ou hortalizas para plantar no horto escolar se dispoñeramos de un invernadoiro.</li> <li>- A pesares de que todo o traballo realizado tivo bos resultados, consideramos importante unha maior implicación no proxecto por parte de tódolos niveis.</li> <li>- A data na que hai que entregar a memoria é moi cedo xa que moitas das actividades están programadas para facerse a partir de maio, coa chegada do bo tempo.</li> </ul>

## 6. VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

### A. DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO

<b>Faltas de conduta Leves</b>		
<b>Grupo/nivel</b>	<b>Xénero</b>	<b>Total</b>
6ºE.I.	Home	<b>8</b>
1ºE.P.	Muller	<b>14</b>

	Home	8
5ºE.P.	Muller	1
	Home	2

## B. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS PLANTEXADOS NO PLAN DE CONVIVENCIA

<b>Obxectivo: Atender aos aspectos sociais e emocionais do alumnado</b>						
<b>Acción 1</b>	Empregar diversas metodoloxías que favorezan a inclusión e atendan á diversidade do alumnado.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Utilizar diferentes metodoloxías participativas como mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe, baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde o alumnado poida compartir os sentimentos e as súas emocións.					
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado.					
<b>Recursos e materiais</b>	Dinámicas de grupo e de traballo cooperativo.					
<b>Resultados</b>	Positivos debido a gran inclusión dos discentes.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					
<b>Acción 2</b>	Favorecer un clima de confianza e seguridade.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Proveer ao alumnado de estratexias dialóxicas e de resolución de conflitos					
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado					
<b>Recursos e materiais</b>	Actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias sociais e comunicativas.					
<b>Resultados</b>	Positivos debido a confianza dos discentes.					
<b>Propostas de</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					

<b>mellora</b>						
<b>Acción 3</b>	Programa de Habilidades Sociais.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Asertividade, resolución pacífica de conflitos e traballo colaborativo en pequeno e gran grupo.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas actividades.					
<b>Resultados</b>	Positiva pero nalgún casos non se acadaron os resultados expostos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					
<b>Acción 4</b>	Programa de Educación Emocional.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Dotar ao alumnado de ferramentas de xestión emocional.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Equipo de Educación Responsable.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas actividades encamiñadas ao recoñecemento e manexo de emocións, autoconecemento, autoestima e relación interpersoais. Taller de Yoga (impartido por profesional externo).					
<b>Resultados</b>	Positivo xa que en moitos casos conseguiron xestionar as súas emocións.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico e levar a cabo o “taller de Yoga” que neste ano non se puido realizar.					

**Obxectivo: Promover actividades entre o alumnado que os preparen para o exercicio activo dunha cidadanía responsable.**

<b>Acción 1</b>	Posta en práctica de accións que melloran a vida no Concello					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non

						conseguido
<b>Indicador</b>	Recollida do lixo na praia “covacha” dos discentes.					
<b>Responsables</b>	Equipo de benestar e convivencia en colaboración co Equipo de Voz Natura					
<b>Recursos e materiais</b>	Unha bolsa de lixo por cada parella e un par de guantes					
<b>Resultados</b>	Moi positivo xa que participou todo o centro educativo.					
<b>Propostas de mellora</b>	Utilizar outros elementos para delimitar as zonas.					
<b>Acción 2</b>	Posta en práctica de accións que melloran a vida do centro.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Utilización do composteiro do centro para aprender a reciclar. Utilización dos puntos de reciclaxe do colexio					
<b>Responsables</b>	Equipo de benestar e convivencia en colaboración co Equipo de Voz Natura.					
<b>Recursos e materiais</b>	Un composteiro. Os colectores de reciclaxe.					
<b>Resultados</b>	Positivos xa que hai unha reciclaxe					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso.					

### Obxectivo: Promoción da igualdade e a inclusión

<b>Acción 1</b>	Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Promover os valores de respecto ás diferencias e igualdade no alumnado					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Equipo de Igualdade e titores					



<b>Recursos e materiais</b>	Libros, curtametraxes, charlas...en colaboración con asociacións da contorna e Concello.					
<b>Resultados</b>	Positivos					
<b>Propostas de mellora</b>	Participar noutras asociacións que non participamos este ano.					
<b>Acción 2</b>	Promover unha igualdade efectiva entre homes e mulleres e previr actitudes que poidan dar lugar a situacións de Violencia de Xénero					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Actividades que incidan no recoñecemento de distintas situacións de desigualdade e na prevención.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia, Coordinadora de Igualdade.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas técnicas: o xogo do espello, fichas de sí ou non, role-playing, dramatización...					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					

<b>Acción 3</b>	Actividades dirixidas a atender á diversidade do alumnado de xeito enriquecedor.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Promover dentro da comunidade educativa a pluralidade de intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas actividades en colaboración con asociacións especializadas.					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico					
<b>Acción 4</b>	Identificación, eliminación ou minimización das barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais do alumnado, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		

	1º T	2º T	3º T	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Conmemorar os diferentes días sinalados. - Incluir a totalidade do alumnado nas diferentes actividades do centro. - Coordinarse e comunicarse coas familias e cos axentes externos.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	O número de actividades específicas de sensibilización de todo o alumnado e profesorado coa diversidade funcional e coa inclusión.					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Incluir a máis grupos nas charlas de sensibilización no vindeiro curso.					

### Obxectivo: Prevención do acoso escolar e o ciberacoso

<b>Acción 1</b>	Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade sobre conductas que poden ser constitutivas de acoso.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Previr os 3 papeis: acosador, vítima e persoas espectadoras.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Titores.					
<b>Recursos e materiais</b>	Libros, curtametraxes, charlas...en colaboración con asociacións da contorna					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña e visualizar máis o punto laranxa.					
<b>Acción 2</b>	Informar e concienciar ao alumnado sobre os perigos das TICS					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Informar e concienciar ao alumnado sobre os perigos das TIC.					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia, Titores, Plan Director e Policía Nacional.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas actividades					
<b>Resultados</b>	Positivos.					

<b>Propostas de mellora</b>	Ter unha charla por trimestre.
-----------------------------	--------------------------------

**Obxectivo: Acollida do alumnado**

<b>Acción 1</b>	Xornada de Acollida do Alumnado de Educación Infantil					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Favorecer a toma de contacto do alumnado da Galiña Azul de Carril que ten prevista a incorporación na etapa de Ed. Infantil no noso colexio.					
<b>Responsables</b>	Equipo de ciclo de Educación Infantil e Equipo de Benestar e Convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	Organización do día de acollida no centro para nenos/as, educadoras/es e familias.					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Ningunha.					
<b>Acción 2</b>	Acollida de alumnado de nova incorporación e/ou alumnado procedente do estranxeiro.					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	<p>Toma de contacto da familia e o alumno co centro</p> <p>Explicación das normas de organización e funcionamento do centro.</p> <p>Entrevista co titor/a á maior brevidade para a recollida de información</p> <p>Dinámicas de grupo, nos primeiros días, que axuden á súa inserción social.</p>					
<b>Responsables</b>	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e titores/as.					
<b>Recursos e materiais</b>	Diversas actividades en colaboración con asociacións da contorna e/ou Servizos Sociais, en caso necesario.					
<b>Resultados</b>	Positivos					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					

**Obxectivo: Implicar ás familias nas actividades do centro**

<b>Acción 1</b>	Fomentar o uso do Abalar Móbil					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Comunicación coas familias continuada a través do Abalar Móbil					
<b>Responsables</b>	Equipo de bienestar e convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos dixitais.					
<b>Resultados</b>	Positivos.					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					
<b>Acción 2</b>	Participación nas conmemoracións					
	<b>Temporalización</b>			<b>Grao de consecución</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Conseguido	Parcialmente	Non conseguido
<b>Indicador</b>	Facilitar a axuda aos discentes nas conmemoracións (magosto, Entroido, samaín...)					
<b>Responsables</b>	Equipo de bienestar e convivencia.					
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible.					
<b>Resultados</b>	Positivos					
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir na mesma liña no vindeiro curso académico.					

**C. VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS OU PROGRAMAS PREVISTAS NO PLAN QUE FAVORECERON A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN**

<b>Actuación: PLAN DIRECTOR</b>						
<b>Grupo/Nivel</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>		
<b>6ºE.P.</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>	Positiva	Negativa	
<b>Responsables</b>	Policía Nacional e Titoras de 6º EP.					
<b>Resultados</b>	Charlas informativas sobre os perigos das novas tecnoloxías, a ciberacoso,					

	acoso escolar e a violencia de xénero.
<b>Propostas de mellora</b>	Ter unha charla por trimestre.

Actuación: ASOCIACIÓN XUNTOS					
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración	
Todos os cursos excepto 2ºE.P.	1º T	2º T	3º T	Positiva	Negativa
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e equipo de benestar e convivencia.				
<b>Resultados</b>	Moi positivos				
<b>Propostas de mellora</b>	Seguir con esta asociación para o vindeiro curso.				

Actuación: ASOCIACIÓN MENELA					
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración	
6ºE.P., 4ºE.P.,3ºE.P., 6ºE.I.	1º T	2º T	3º T	Positiva	Negativa
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e equipo de benestar e convivencia.				
<b>Resultados</b>	Non foron os esperados, xa que non se adaptaron os tempos e os contidos.				
<b>Propostas de mellora</b>	Buscar outra asociación o ano que ven.				

Actuación: TALLER DE EDUCACIÓN EMOCIONAL					
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración	
6ºE.P.	1º T	2º T	3º T	Positiva	Negativa
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e equipo de benestar e convivencia.				
<b>Resultados</b>	Moi positivos.				
<b>Propostas de</b>	Continuar con este taller para o ano que ven.				

mellora	
---------	--

Actuación: PATRULLA DE PATIO					
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración	
6ºE.P. e 5ºE.P.	1º T	2º T	3º T	Positiva	Negativa
Responsables	Departamento de orientación e equipo de bienestar e convivencia.				
Resultados	Moi positivos.				
Propostas de mellora	Continuar coas patrullas para o vindeiro ano.				

Actuación: TALLER SPAD.					
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración	
6ºE.P.	1º T	2º T	3º T	Positiva	Negativa
Responsables	Departamento de orientación e equipo de bienestar e convivencia.				
Resultados	Moi positivos.				
Propostas de mellora	Continuar con este taller para o ano que ven.				

#### D. VALORACIÓN DO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Programas de habilidades sociais levouse a cabo con todos os grupos de primaria dunha maneira positiva.

#### E. VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula de convivencia foi un recurso moi positivo ao longo deste curso académico.

#### F. VALORACIÓN DA MEDIACIÓN ESCOLAR

A mediación escolar empezou no segundo trimestre creando as patrullas de patio. Houbo moito interese e voluntarios/as que quixeron axudar no patio.

A valoración foi moi positivo e levarase a cabo para o ano que ven.

#### G. VALORACIÓN DA ESCOLA DE NAIS E PAIS

Coa colaboración do CFR de Pontevedra houbo tres charlas para as ENAPAS.

A primeira foi Normas, límites e xestión da frustración impartida por Manuel Santos Nores cunha participación de 15 familias. A segunda foi Benestar Emocional impartida por Raquel Pedrouso na que asistiron 10 familias. A última foi a relación das pantallas cos nosos/as fillos/as impartida por Óscar Páramos Domínguez na que asistiron 5 familias.

Ademais coa colaboración do SPAD tivemos outra, Hábitos saudables, na que asistiron 10 familias.

A valoración foi positiva e esperamos que o vindeiro ano máis familias participen nestas charlas.

#### H. VALORACIÓN DOS MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

A información que se intercambia e as intervencións son de gran axuda para o centro así como para o alumnado implicado.

#### I. VALORACIÓN DAS ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA DESENVOLVER O PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

Todas foron acollidas dun xeito positivo e favorable de cara a conseguir a igualdade entre homes e mulleres.

#### J. ASPECTOS SALIENTABLES DO INFORME ANUAL REALIZADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

En xeral o clima é bo. Os recreos son os momento nos que xorden máis problemas de convivencia. Se xorden se solucionan a nivel de titoría e algúns son solucionados polo equipo directivo.

No comedor séguese a insistir en que non tiren comida ao chan, a lancen ou xoguen con ela, sobre todo no caso do pan, froita, etc. Tamén estase a insistir no tema do aumento do volume ao falar. Hay alumnado que a penas come polo que provocan máis problemas no transcurso do período de comedor.

Finalmente, hai que engadir que houbo casos de alumnado tanto de EI como de EP con conduta fóra da normalidade os cales foron derivados ao servizo de pediatría despois de falar coas familias tanto o profesorado, o DO e a dirección do centro.

#### K. CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Afondar na prevención e no reforzo dunha convivencia positiva, implicando ás familias para que exista unha continuidade real entre o centro e a casa. Será a única maneira de que realmente falemos de convivencia positiva.

#### L. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Coiñecer e comprender o que é a educación emocional, social e creativa xa que moitas das condutas que acontecen son froito da falta de afondamento nesta materia.

### 7. VALORACIÓN DO PLAN DE ABSENTISMO

Grupo/ nivel	Nº Casos absentismo escolar abertos		Nº Casos abandono escolar (alumnado maior 16 anos)	Total
	Resoltos no centro	NON resoltos		
1º EP	1	1	0	2
3º EP	0	1	0	1
5º EP	0	1		1

### 8. VALORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

Actuación: Celebración do día Contra a Violencia de Xénero				
Grupo/Nivel	Temporalización			Valoración
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º t <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> Positiva <input type="checkbox"/> Negativa
Responsables	Coordinadores plan igualdade e extraescolares			
Resultados	Todo o alumnado participou en facer un lazo negro de persoas no patio. Colgouse cartalaría polo colexio.			

	Analizáronse cancións, estudos sobre os estereotipos de xénero na publicidade. Mandáronse fotos ao Concello Púxose na páxina web do colexio
<b>Propostas de mellora</b>	Ningunha

<b>Actuación: Programa EVAX TAMPAX sobre a adolescencia</b>					
<b>Grupo/Nivel</b>	<b>Temporalización</b>			<b>Valoración</b>	
